

ESTELARES DO NADAL

COMPOSTELA PRENDE O NADAL

29 de novembro

Convídase á veciñanza do concello ao acendido do Nadal compostelán!

Cantigas e Agarimos e Brincadeira percorrerán as rúas de Compostela acompañando todas aquelas persoas que se acheguen ao Obradoiro para participaren no prendido deste Nadal 2024. Na praza sorprenderánnos as figuras xigantes de 6 metros de altura de luz e cor, as estrelas andantes e o monicreque xigante de luz da Cía Pablo Méndez.

O pé de arranque para descubrir a especial iluminación da fachada de Raxoi e a xa característica árbore central virá acompañado da voz e música da soprano Esperanza Mara e DJ Mil.

18.30 h. Ruada de Cantigas e Agarimos desde o Mercado de Nadal da Carreira do Conde.

18.30 h. Ruada de Brincadeira desde a Porta do Camiño.

19.00 h. Espectáculo de luz e cor da Compañía Pablo Méndez. Prendido do alumeado da Praza do Obradoiro con Esperanza Mara e DJ Mil.

ESTRELAS E DESEXOS

30 de decembro

De 17.00 a 20.00 h no Palco da Música da Alameda

Un evento que chegou para quedar. Estrelas e desexos convida a veciñanza a compartir, no Palco da Alameda, a que se converterá co tempo nunha das tradicións do Nadal compostelán: plasmar o desexo para o ano que chega na nosa árbore xigante. Todas aquelas persoas que se acheguen poderán obter a súa estrela de 8 puntas, escribir, debuxar desexos e... compartilos. Acompañará este Estelar do Nadal o concerto do Coro Encaixe e unha degustación de chocolate e churros.

LUCES, CÁMARA... NADAL!

Proposta de cinema que terá lugar no novo espazo da Carpa da Alameda. Unha diversa programación de filmes para público familiar e adulto. >> De balde ata completar a capacidade

23 de decembro ás 19.30 h.

As Neves: 84'

Público xuvenil e adulto

As Neves é un pobo galego de montaña onde todas as persoas se coñocen. A noite de Entroido un grupo de adolescentes celebran unha festa. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e a noticia de que desaparecera unha das rapazas da festa.

26 de decembro ás 19.30 h.

A canción do mar: 90'

Público familiar

Despois da desaparición da súa nai, Ben e Saoirse son enviados a vivir coa súa avoa. Cando deciden volver á súa casa

xunto ao mar, a súa viaxe convértese nunha carreira contra o tempo a medida que se internan nun mundo que só coñecen a través das lendas que narraba súa nai.

27 de decembro ás 19.30 h.

A galiña Turuleca: 79'

Público familiar

Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto desata as burlas do resto do galiñeiro ata que un día a exprofesora de música a leva a vivir á súa granxa. Alí descobre o seu gran talento oculto: Turuleca no só pode falar, senón que canta como xamais escoitaches cantar unha galiña!

30 de decembro ás 19.30 h.

Cuñados: 90'

Público xuvenil e adulto

Eduardo e o seu cuñado Sabonis son enganados por unha empresaria, Alicia, e descubren que están arruinados e cunha débeda descomunal. Para conseguiren cartos deciden secuestrar o cuñado de Alicia, Modesto, pero atópanse cun pequeno problema: Alicia non pensa pagar nin un euro por el.

2 de xaneiro ás 19.30 h.

Robot dreams: 102'

Público familiar

Dog é un can solitario que vive en Manhattan. Un día decide construír un robot para ter un amigo co que falar. A súa amizade crece ata facerse inseparables. Unha noite de verán, Dog, con gran dor, vese obrigado a abandonar a Robot na praia. Conseguirán atoparse de novo?

3 de xaneiro ás 19.30 h

Valentina: 70'

Público familiar

Valentina está cansada de ter síndrome de Down, convencida de que é o motivo que lle impide alcanzar o seu soño: ser trapeicista. Pero unha viaxe máxica descubriralle todo aquilo do que é capaz.

X CARREIRA DE SAN SILVESTRE

31 de decembro

A derradeira proba atlética do ano en Santiago de Compostela chega á súa décima edición.

>> Saída ás 17.00 h desde a praza do Obradoiro

CABALGATA DE REIS

Saída do CSC Conxo ás 17.30 h.

As súas maxestades os Reis Magos de Oriente percorrerán as rúas de Compostela ata chegar á praza do Obradoiro. Posteriormente, recibirán a cativada que se achegue ao Pazo de Raxoi.

